

1. ¿Como e cando podo inscribir o noso proxecto en BFAero?

Só podedes realizar a inscrición dos vosos proxectos cando a Fase de Convocatoria se encontre aberta. En cada nova edición de BFAero, ábrese un período correspondente á Fase de Convocatoria onde os promotores dos proxectos podedes optar a participar na iniciativa cubrindo un formulario de inscrición. A única vía válida para poder levar a cabo a inscrición é a páxina web de BFAero (www.bfaero.es); non se valorará ningunha información sobre o proxecto que non proveña dese canle. Tendes a vosa disposición un teléfono (982 284 150) e unha dirección de correo electrónico (info@bfaero.es) no que poder consultar as dúbidas que vos aparezan durante o proceso de inscrición. Cando o voso sexa aceptado no proceso de selección, recibiredes un correo electrónico de confirmación remitido por BFAero.

2. ¿Como sei se o noso proxecto corresponde á fase de incubación ou de aceleración? ¿E se me equivoco na nosa elección?

O grado de desenvolvemento dos vosos proxectos determina a Fase (Incubación ou Aceleración) na que podedes participar, desta forma distinguimos:

- a) Se os vosos proxectos se atopan en fase *seed* ou semente, optaredes a participar na Fase de Incubación. Trátase de proxectos nunha etapa inicial, onde se está desenvolvendo o se desenvolveu un produto ou servizo mínimo viable e esbozouse o modelo de negocio.
- b) Si os vosos proxectos se atopan en fase *early stage* ou fase temperá, poderedes optar a participar na Fase de Aceleración. Trátase xa de empresas cun produto o servizo definido e primeiras vendas xa realizadas. O modelo de negocio está estruturado e está sendo escalado, polo menos, de maneira incipiente.

Durante a elaboración do formulario de inscrición, elixiredes a Fase á que creedes que pertence o voso proxecto. Posteriormente, o Comité Executivo de BFAero durante a avaliación do proxecto poderá ratificar a vosa elección ou ben, se así o considera, trasladar o proxecto á fase que crean convinte. En ningún caso, unha elección errónea pola vosa parte da fase na que inscribirse suporá o descarte da candidatura do proxecto.

3. ¿Cal debe ser a natureza do noso proxecto e o grado de desenvolvemento?

En canto á natureza dos proxectos, a iniciativa está dirixida a:

- a) Startups promovidas por emprendedores.
- b) Spin-outs resultado dunha empresa existente ou da colaboración de varias empresas
- c) Spin-offs con orixe en universidades ou centros tecnolóxicos.

4. ¿Que tipo de proxecto podemos presentar a BFAero? ¿É preciso que teñamos constituída a sociedade?

BFAero dirixese exclusivamente a proxectos relacionados co emprendedurismo no sector aeronáutico e dos vehículos non tripulados entendendo por estes últimos os UAVs (do inglés *unmanned aerial vehicle*) e os USVs (do inglés *Unmanned surface vehicles*). Neste marco global, os vosos proxectos deberán responder especificamente a cuestións mais concretas definidas a través de áreas temáticas, establecidas polas empresas promotoras da iniciativa (podedes consultalas nas Bases do Programa).

Existen unha serie de características que é preciso cumprir dependendo da fase á que opte o voso proxecto:

- a) Os proxectos que optedes á fase de Incubación podedes non ter entidade xurídica propia no momento de presentación, pero adquirides o compromiso de desenvolver un proxecto empresarial coa Comunidade Autónoma de Galicia como lugar de referencia, así como constituír unha empresa e un centro de actividade durante esta fase. No caso de que os vosos proxectos xa estean constituídos formalmente como empresa (para a definición de empresa utilizarase a establecida pola Comisión Europea no anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 (DOUE L 187, de 26 de xuño)), non poderán superar unha antigüidade máxima de 42 meses no momento da presentación da candidatura (en liña coa Lei 9/2013 de emprendedurismo e da competitividade económica de Galicia).
- b) Os proxectos que optedes á Fase de Aceleración deberedes estar constituídos formalmente como empresa cunha antigüidade máxima de 6 anos dende a presentación da solicitude. Así mesmo, é obrigatorio que teñades o domicilio social, fiscal e un centro de actividade da sociedade na Comunidade Autónoma de Galicia ou o compromiso de establecelo antes da finalización da fase de ingreso.

5. ¿En BFAero podemos participar cunha empresa que non sexa unha sociedade mercantil?

As condicións son diferentes segundo a modalidade á que opten os proxectos, neste caso:

- a) Os proxectos que vos inclinades pola Fase de Incubación podedes presentarvos con calquera tipo de empresa (para a definición de empresa utilizarase a establecida pola Comisión Europea no anexo I del Regulamento (UE) nº 651/2014 (DOUE L 187, de 26 de xuño)).
- b) Os proxectos que vos presentedes á Fase de Aceleración é necesario que esteades constituídas como unha sociedade mercantil (sociedade limitada (S.L.), sociedade de responsabilidade limitada (S.L.R.) ou sociedade anónima (S.A.)).

6. No caso de ser seleccionados, ¿debemos trasladarnos a Lugo?

Si, na medida en que debes asistir ás actividades e utilizar as instalacións da iniciativa. Explicámolo con máis detalle:

Se o voso proxecto é seleccionado para calquera das fases, deberedes asistir e participar de forma activa un mínimo de dous dos vosos membros na totalidade de cada unha das actividades do programa que se levan a cabo nas instalacións postas a vosa disposición, tanto no viveiro de empresas da Fundación CEL como as infraestruturas da CUI.

7. ¿Hai algún requisito de nacionalidade?

Non, no hai ningún requisito; en BFAero podedes presentarvos proxectos de calquera país. En caso de resultar seleccionados, deberedes desenvolver un proxecto empresarial coa Comunidade Autónoma de Galicia como lugar de referencia, así como constituír unha empresa e un centro de actividade durante a Fase de Incubación, no caso de proxectos que optedes a esta fase; ou ter o domicilio social, fiscal e un centro de actividade da sociedade na Comunidade Autónoma de Galicia ou compromiso de establecelo antes da finalización da fase de ingreso para os proxectos que sexades seleccionados para a Fase de Aceleración.

8. ¿Cal é o idioma da iniciativa?

Poderedes inscribir a vosa candidatura en español, galego ou inglés. Tanto as Fases de Incubación como Aceleración serán desenvolvidas en español ou galego en función das vosas necesidades.

9. ¿Que criterios se terán en conta á hora de seleccionar os proxectos finalistas?

Nas candidaturas valorarase principalmente o voso equipo e o voso proxecto en función dos criterios establecidos, nas Bases do Programa podédelo ver en maior detalle. Aqueles proxectos que optedes á Fase de Incubación (proxectos *seed* ou semente nas primeiras etapas de desenvolvemento), a valoración que obteñades ponderarase cun peso do 40% o equipo e do 60% o proxecto.

Para proxectos que optedes á Fase de Aceleración (empresas *early stage* cun modelo de negocio en funcionamento e en proceso de consolidación), na vosa valoración ponderarase cun peso do 30% o equipo e o 70% o proxecto.

10. ¿Existe un límite de proxectos que podemos presentar?

Depende. Cada iniciativa empresarial (este constituída ou non) poderedes presentar varios proxectos, pero optaredes soamente á elixibilidade dun deles. Se, non obstante, os vosos proxectos proceden dunha universidade o un centro tecnolóxico, poderá resultar elixible máis dun proxecto dos que presentedes.

11. ¿Como nos comunican se somos seleccionados?

Unha vez pechada a fase de convocatoria iniciaremos a fase de selección. Ó longo desta fase poñerémonos en contacto con vos se resultades seleccionados para participar nas entrevistas persoais e no Pitch Day. Posteriormente na fase de selección, se o voso proxecto é un dos seis elixidos (3 de incubación e 3 de aceleración) recibiredes un correo electrónico coa invitación formal para participar en BFAero, á que teredes que contestar nun prazo máximo de 72 horas ou daremos por desestimada a invitación. Tamén publicaremos na nosa web o listado dos proxectos seleccionados.

12. ¿Podemos participar no programa e recibir fondos de outras fontes de financiamento?

Podedes recibir axudas de outros organismos públicos ou privados, tanto a nivel nacional como internacional para o mesmo fin polo que estades en BFAero, pero sempre debedes poñelo en coñecemento do Comité Executivo para que valore a súa compatibilidade ou non coa iniciativa. Neste punto, é importante que consultedes as condicións das axudas que teñades e ás que os vos acollades en BFAero para verificar que non hai incompatibilidades.

13. ¿Como se trata a información proporcionada na inscrición?

Toda a información que nos proporcionedes será tratada coa confidencialidade debida. Para máis detalles podedes consultar o apartado de aspectos legais das Bases de Convocatoria e a política de privacidade en www.bfaero.es

14. Se o noso proxecto non encaixa en ningunha das áreas temáticas, ¿podemos presentalo igualmente?

Encaixar nunha das áreas temáticas é uno dos criterios de elixibilidade, cuxo cumprimento é indispensable para que o proxecto poda ingresar no proceso de selección. En calquera caso, o Comité Executivo, durante a Fase de Selección, valorará ata que punto o voso proxecto está aliñado con unha ou varias das áreas temáticas.

15. En caso de ter participado na Fase de Incubación, ¿o noso proxecto pasaría directamente á Fase de Aceleración?

Non; explicámolo: unha vez o voso proxecto termine o seu paso pola Fase de Incubación e se produza a Fase de Licenciamento co Comité Executivo, poderedes optar á Fase de Aceleración coma un proxecto máis, sempre pasando previamente pola Fase de Selección onde seredes avaliados coma o resto dos proxectos que se presenten, nunca pasaredes directamente á seguinte fase.